



Sr./Sra. Presidente/a da AFA Limiar.

Como Presidente/a da Xunta Electoral deste Centro constituída ao abeiro do artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos do goberno dos centros públicos de ensino non universitario, na súa nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, (DOG, 09/08/96) e a fin de dar cumprimento ao establecido no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se regula e aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21 de outubro) que, no seu artigo 39º di: *"Dos representantes que lle correspondes aos pais no consello escolar un será proposto pola asociación de pais máis representativa"*... é polo que lle solicito que, nun prazo de dez días a partir da data do presente escrito, comunique á Xunta Electoral deste Centro a proposta que ao respecto fai esa AFA.

Tal como se contempla no punto 2 do referido artigo 39 do Decreto 374/1996, no caso de non existir proposta da asociación de pais para ocupar a praza que lle corresponde, esa vacante cubrirase conxuntamente e co mesmo procedemento que os outros representantes dos pais e nais.

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos.

Ourense, 28 de outubro de 2024

O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: José Manuel Rego García

